

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME III / NÚM. 16  
SEMANAS 26-27/1988  
(26 de xuño ó 9 de xullo)

  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública

5 DE SETEMBRO DE 1988

## PLANIFICACIÓN FAMILIAR

Podemos defini-la planificación familiar como a adopción dun conxunto de actitudes e comportamentos asumidos libre e responsablemente. Para iso contamos con dous instrumentos básicos postos ó servizo dos obxectivos da dita planificación: por unha banda, unha información científica e rigurosa; por outra, a prestación nos centros de orientación das técnicas de planificación adecuadas. Trátase, en definitiva, de decidir por parte dos individuos que solicitan estes servizos, o tamaño da familia que se pretende e cando é o momento oportuno para o embarazo.

Unha correcta posta en práctica da planificación familiar redundará, en último termo, no cumprimento dos obxectivos propostos polo comité da O.M.S., a saber:

1. Respetar-los dereitos humanos.
2. Regula-lo crecemento demográfico.
3. Mellora-la saúde familiar e comunitaria.

Ó servizo destes obxectivos contamos na nosa Comunidade Autónoma con catro Centros de Orientación Familiar dependentes da Consellería de Sanidade e radicados nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo. Nestes centros realizase un labor de información xeral sobre todo o relacionado coa planificación familiar, xunto a un labor preventivo e unha asistencia xinecolóxica adecuada.

### *Funcións dos centros*

#### \* Asistencia xinecolóxica.

- Guía e asesoramento de planificación, métodos anticonceptivos e esterilidade na parella.
- Exploración xinecolóxica:
  - Mamas
  - Citoloxías
  - Colposcopias.
- Detección do cancro xenital e de mama.

#### \* Educación sexual e asistencia psicolóxica.

- Un dos fins da educación sexual é conseguir que a sexualidade sexa considerada tan importante como calquera outro aspecto da vida humana.
- Impartir coñecementos sobre a fecundación, embarazo e métodos anticonceptivos.
- Acadar unha maduración psicoafectiva axeitada na parella.

#### \* Asistencia social.

Para o que se poñen ó servizo da poboación galega profesionais encargados do asesoramento e resolución de problemas relacionados co xeito de vida e medios materiais da parella que o solicita.

#### \* Asesoramento para a adopción de fillos.

### *Obxectivos*

- Informar e aconsellar sobre a elección do método anticonceptivo que mellor se adapte á súa realidade concreta, xa que a anticoncepción é a forma de evitar que a actividade sexual vaia obrigatoriamente ligada á reprodución.
- Motiva-lo diálogo aberto sobre a sexualidade.
- Axudar á parella a elixir libre e conscientemente o número de fillos que desexen ter e o momento máis conveniente para isto.
- Regula-la natalidade; así vanse mellora-las condicións de vida sen deterioración da saúde física, emocional, social e de convivencia.
- Difundi-las vantaxes e inconvenientes de cada método anticonceptivo para poder elixir-lo mellor en cada período de vida, valorando a seguridade e comodidade.
- Contribuir á diminución de embarazos de risco (incompatibilidade sanguínea, enfermidades renais, etc.).

—Asesorar sobre a esterilidade e infertilidade (tanto no home como na muller).

—Detectar e prevenilas enfermidades de transmisión sexual.

—Diagnosticar precozmente a subnormalidade.

**Dirección dos Centros de Orientación e Planificación Familiar dependentes da Consellería de Sanidade.**

A CORUÑA: Delegación Provincial de Sanidade. R/ Gregorio Hernández, 2 - DP 15071. Teléfono 262662.

LUGO: Delegación Provincial de Sanidade. R/ Montevideo, 9 - DP 27071. Teléfonos 242707 - 242702.

OURENSE: Delegación Provincial de Sanidade. Hospital Provincial «Sta. María Madre». Soto Sur - Estrada de Rairo, Km. 2 - DP 32071. Teléfono 222550.

VIGO: Antigo Edificio de Sanidade Exterior. Avda. Cánovas del Castillo, s/n - DP 36202. Teléfono 431470.

Estudio da demanda en tres Centros de Planificación Familiar en Galicia. 1987. Avance de resultados.

**Material e métodos**

Dun total de 9.914 consultas levadas a cabo ó longo de 1987, nos centros de PF de Ourense, Vigo e A Coruña, dependentes da Consellería de Sanidade, seleccionouse unha mostra de 1.930 resúmenes de consulta por mostraxe aleatoria simple, cun nivel de significancia de  $\alpha=0.05$  e un erro de 0.02.

No presente informe analízanse as seguintes variables: mes, centro e tipo de consulta, idade, método utilizado antes da consulta, método aceptado trala mesma e motivo da consulta. Na análise das variables cualitativas utilizouse a proba de Chi cuadrado e nas cuantitativas análise da varianza.

Para a selección da mostra e análise dos resultados utilizáronse os programas estadísticos Epistat e SPSS PC +, respectivamente.

**Resultados**

1.—Distribución das consultas segundo os meses.

No mes de agosto non se rexistran consultas debido ó período vacacional.

		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Xaneiro	1	142	7,4	7,4	7,4
Febreiro	2	139	7,2	7,2	14,6
Marzo	3	215	11,1	11,1	25,7
Abril	4	158	8,2	8,2	33,9
Maio	5	174	9,0	9,0	42,9
Xuño	6	190	9,8	9,8	52,7
Xullo	7	182	9,4	9,4	62,2
Setembro	9	165	8,5	8,5	70,7
Outubro	10	180	9,3	9,3	80,1
Novembro	11	216	11,2	11,2	91,2
Decembro	12	169	8,8	8,8	100,0
TOTAL		1.930	100,0	100,0	

2.—Distribución das consultas segundo os centros.

O 48,9% das consultas realizáronse no CPF de

A Coruña, o 43,2% no de Vigo e o 8% no de Ourense.

		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
A Coruña	1	943	48,9	48,9	48,9
Vigo	2	833	43,2	43,2	92,0
Ourense	3	154	8,0	8,0	100,0
TOTAL		1.930	100,0	100,0	

3.—Tipo de consulta.  
O 16,8% das mulleres accederon os CPF por

primeira vez, o 11,7% fixérono por segunda vez e o resto (17,5%) foron a revisión.


CONSULTA	primeira	segunda	revisión	Total
CENTRO				
A Coruña	162	112	667	941 48,8%
Vigo	106	97	630	833 43,2%
Ourense	56	16	82	154 8,0%
TOTAL	324 16,8%	225 11,7%	1.379 71,5%	1.928 100,0%

4.—Idade.

A menor idade na mostra, corresponde ós 15 anos, e a maior a 61. A media sitúase en 30,789 anos, cunha desviación estandar de 7,041 e un intervalo de confianza ó 95% entre 30,474 e

31,103. A moda é de 29 anos e a mediana de 30.

A diferenza de idades entre os centros non é significativa, e os valores correspondentes a cada un deles refléxanse no cadro seguinte.



Histograma de frecuencias





Centro	N.º	Media	Desviación Standard	Error Standard	Intervalo de confianza ó 95%	
A Coruña	939	30.8168	6.6743	.2178	30.3894	a 31.2443
Vigo	832	30.9519	7.1424	.2476	30.4659	a 31.4380
Ourense	154	29.7338	8.4830	.6836	28.3833	a 31.0842
Total	1.925	30.7886	7.0409	.1605	30.4738	a 31.1033

5.—Método utilizado antes da primeira consulta.

Ó 38,3% das primeiras consultas, nas que consta este dato, utilizaban o «coitus interruptus» como método anticonceptivo, o 31,5% anticoncep-

tivos orais, o 13,6% preservativos e o resto outros métodos, a excepción do 1,6% que non utilizaba ningún.

A distribución do método utilizado segundo o CPF, descríbese na táboa seguinte.

METODO ANTES		Ningún	«Coitus interruptus»	Ogino	Óvulos e espermicidas	Métodos barreira	Preservativo	H. oral	DIU	Total
CENTRO										
A Coruña	1	1	47	1		4	25	51	14	143 46,4%
Vigo	2	2	45	1	1		14	30	21	114 37,0%
Ourense	3	2	26	1	3		3	16		51 16,6%
TOTAL		5 1,6%	118 38,3%	3 1,0%	4 1,3%	4 1,3%	42 13,6%	97 31,5%	35 11,4%	308 100,0%

6.—Método aceptado trala consulta.

O 53,4% das mulleres optan polo D.I.U. despois de consultar nos CPF estudados, mentras o 28,3% utilizan os anticonceptivos orais. Un 11,7% dos resúmenes de consulta permanecían «en

estudio» sen decidi-lo método anticonceptivo que se vai utilizar.

O tipo de método aceptado segundo o centro descríbese no cadro seguinte.

METODO ACEPTADO	DIU	H. oral	H. inextable	Preservativo	Temp. basal	Ligadura de trompas	Outro método	En estudio	Tratamento	Total	
CENTRO											
A Coruña	1	475	325	1	1	21	7	13	64	907 48,8%	
Vigo	2	475	145	3	1	2	3	193		822 44,2%	
Ourense	3	42	57		1		10	9	11	130 7,0%	
TOTAL		992 53,4%	527 28,3%	3 0,2%	3 0,2%	3 0,2%	31 1,7%	19 1,0%	217 11,7%	64 3,4%	1.859 100,0%

7.—Motivo de consulta.

O 55,6% das mulleres na mostra acudiron ó CPF para «non ter máis fillos», o 28,3% co fin de

«espaciar nacementos», e soamente o 0,8% o fixeron para «ter fillos».

O motivo de consulta segundo os centros descríbese no cadro seguinte.

MOTIVO DE CONSULTA		Espaciar nacementos	Non ter máis fillos	Ter máis fillos	Outro	Prev. cáncer xenital	Total
CENTRO							
A Coruña	1	213	567	1	139		920 48,4%
Vigo	2	242	464	12	106	4	828 43,6%
Ourense	3	83	25	3	41		152 8,0%
TOTAL		538 28,3%	1.056 55,6%	16 0,8%	286 15,1%	4 0,2%	1.900 100,0%

# CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

(NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

<b>COMARCA DE CEDEIRA</b> Concello de Cedeira Concello de Cerdeiro	<b>COMARCA DE ORDES</b> Concello de Tordoa Concello de Ordes Concello de Mesía Concello de Frades Concello de Oroso	Concello de Pontevedra Concello de Cotobade Concello de Vilaboa Concello de Ponte-Caldelas Concello de A Lama	<b>COMARCA DE A FONSGRADA</b> Concello de A Fonsagrada Concello de Nequeira de Muñiz	Concello de Ribadavia Concello de Castelo de Miño Concello de Arnoia Concello de Cortegada
<b>COMARCA DE ORTIGUEIRA</b> Concello de Ortigueira Concello de Mañón	<b>COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO</b> Concello de Curtis Concello de Vilasantar Concello de Sobrado	<b>COMARCA DE FORCAREI</b> Concello de Cerdedo Concello de Forcarei	<b>COMARCA DE GUITIRIZ</b> Concello de Guitiriz	<b>COMARCA DE OURENSE</b> Concello de Vilamarín Concello de A Peroxa Concello de Os Peares Concello de Amoeiro Concello de Coles
<b>COMARCA DE NARÓN</b> Concello de Valdovíno Concello de Narón Concello de San Sadurniño Concello de Moeche Concello de Neda	<b>COMARCA DE SANTIAGO</b> Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Touro Concello de Brion Concello de Teo Concello de Vedra	<b>COMARCA DE MARÍN</b> Concello de Marín Concello de Bueu	<b>COMARCA DE LUGO</b> Concello de Castro de Rei (metade Sur) Concello de Friol Concello de Lugo Concello de Guntín Concello de O Corgo Concello de Portomarín Concello de Taboada	Concello de Nogueira de Ramuín Concello de Ourense Concello de Pereiro de Aguiar Concello de Toén Concello de Barbadas Concello de San Ciprián de Viñas
<b>COMARCA DE AS PONTES</b> Concello de Somozas Concello de As Pontes	<b>COMARCA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b> Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Touro Concello de Brion Concello de Teo Concello de Vedra	<b>COMARCA DE CANGAS</b> Concello de Cangas Concello de Moaña	<b>COMARCA DE CASTROVERDE</b> Concello de Castroverde Concello de Baleira	<b>COMARCA DE MACEDA</b> Concello de Espos Concello de Xunqueira de Espadanedo Concello de Paderne de Allariz Concello de Maceda Concello de Baños de Molgas Concello de Vilar de Barrio
<b>COMARCA DE FERROL</b> Concello de Ferrol	<b>COMARCA DE MELIDE</b> Concello de Boimorto Concello de Arzúa Concello de Melide Concello de Toques Concello de Santiso	<b>COMARCA DE REDONDELA</b> Concello de Soutomaior Concello de Redondela Concello de Pazos de Borbén Concello de Fornelos de Montes	<b>COMARCA DE PALAS DE REI</b> Concello de Palas de Rei	<b>COMARCA DE CASTRO-CALDELAS</b> Concello de Parada do Sil Concello de A Teixeira Concello de Castro-Caldelas Concello de Montederramo
<b>COMARCA DE FENE</b> Concello de Ares Concello de Cabanas Concello de Fene Concello de Capela	<b>COMARCA DE MUROS</b> Concello de Carnota Concello de Muros	<b>COMARCA DE VAL MIÑO-PANXÓN</b> Concello de Nigrán Concello de Baiona Concello de Gondomar	<b>COMARCA DE MONTERROSO</b> Concello de Antas de Ulla Concello de Monterroso	<b>COMARCA DE A POBRA DE TRIVES</b> Concello de San Xoán de Rio Concello de A Pobra de Trives Concello de Chandrea de Queixa Concello de Manzaneda
<b>COMARCA DE PONTEDEUME</b> Concello de Pontevedra Concello de Miño Concello de Vilarmarín Concello de Monforte	<b>COMARCA DE NOIA</b> Concello de Outes Concello de Noia Concello de Lousame Concello de Porto do Son	<b>COMARCA DE PONTEAREAS</b> Concello de Pontecreas Concello de Mondariz-Balneario Concello de Mondariz Concello de Covelo	<b>COMARCA DE SARRIA</b> Concello de O Páramo Concello de Sarria Concello de Lámbara Concello de Paradela Concello de O Incio Concello de Samos Concello de Triacastela	<b>COMARCA DE VIANA DO BOLO</b> Concello de A Veiga Concello de Vilarinho de Conso Concello de Viana do Bolo
<b>COMARCA DE CEE</b> Concello de Cabanas Concello de Dumbria Concello de Cee Concello de Fisterra Concello de Corcubión Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)	<b>COMARCA DE PADRÓN</b> Concello de Rois Concello de Padrón Concello de Dodro Concello de Pontecesures Concello de Valga	<b>COMARCA DE A CAÑIZA</b> Concello de A Cañiza Concello de Recente Concello de Arbo	<b>COMARCA DE BECERREA</b> Concello de Baralla (Neira de Xusá) Concello de Becerreá Concello de Navia de Suarna Concello de As Nogais Concello de Cervantes Concello de Pedrafita	<b>COMARCA DE CELANOVA</b> Concello de Cartelle Concello de A Merca Concello de Gomezedo Concello de Ramirás Concello de Celanova Concello de A Bola Concello de Pontevedra Concello de Padrenda Concello de Quintela de Leirado Concello de Vereá
<b>COMARCA DE VIMIANZO</b> Concello de Camariñas Concello de Vimianzo (Parroquias de Allo, Bato e Vilar (Zas))	<b>COMARCA DE BOIRO</b> Concello de Boiro Concello de Rianxo	<b>COMARCA DE A GUARDA</b> Concello de Oia Concello de O Rosal Concello de A Guarda	<b>COMARCA DE CHANTADA</b> Concello de Chantada Concello de Carballo	<b>COMARCA DE ALLARIZ</b> Concello de Taboadela Concello de Allariz Concello de Xunqueira de Ambia
<b>COMARCA DE PONTECESO</b> Concello de Malpica Concello de Ponteceso Concello de Cabana Concello de Laxe	<b>COMARCA DE RIBEIRA</b> Concello de A Pobra do Caramiñal Concello de Ribeira	<b>COMARCA DE SALVATERRA DE MIÑO</b> Concello de Salvaterra de Miño Concello de As Neves	<b>COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS</b> Concello de O Saviñao Concello de Bóveda Concello de Pantón Concello de Monforte de Lemos Concello de Pobra de Brollón Concello de Sober	<b>COMARCA DE BANDE</b> Concello de Bande Concello de Lobeira Concello de Entrimo Concello de Lovios Concello de Muíños
<b>COMARCA DE CARBALLO</b> Concello de Laracha Concello de Carballo Concello de Coristanco	<b>COMARCA DE A ESTRADA</b> Concello de A Estrada Concello de Cuntis	<b>COMARCA DE VIVEIRO</b> Concello de Viveiro Concello de Ourense	<b>COMARCA DE QUIROGA</b> Concello de Folgoso de Courel Concello de Quiroga Concello de Ribas de Sil	<b>COMARCA DE XINZO DE LIMIA</b> Concello de Rairiz de Veiga Concello de Vilar de Santos Concello de Sandiás Concello de Porqueira Concello de Xinzo de Limia Concello de Trasmirás Concello de Calvos de Randín Concello de Blancos Concello de Baltar Concello de Sarreaus
<b>COMARCA DE ARTEIXO</b> Concello de Arteixo	<b>COMARCA DE LALÍN</b> Concello de Vila de Cruces Concello de A Golada Concello de Silveira Concello de Lalín Concello de Rodeiro Concello de Dozón	<b>COMARCA DE CERVO-BURELA</b> Concello de Xove Concello de Cervo Concello de Foz Concello de Valadouro Concello de Alfoz	<b>COMARCA DE O BARCO</b> Concello de A Rúa Concello de Vilamartín de Valdeorras Concello de O Barco Concello de Rubiá Concello de Carballeda Concello de Larouco Concello de Pein Concello de O Bolo	<b>COMARCA DE VERÍN</b> Concello de Laza Concello de Castelo de Val Concello de Couledro Concello de Monterrei Concello de Ombra Concello de Verín Concello de Vilardevós
<b>COMARCA DE A CORUÑA</b> Concello de A Coruña	<b>COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA</b> Concello de Catoira Concello de Vilagarcía de Arousa	<b>COMARCA DE MONDOŊEDO</b> Concello de Mondoñedo Concello de Lourenzá	<b>COMARCA DE O CARBALLIÑO</b> Concello de O Irixo Concello de Piñor de Cea Concello de San Cristovo de Cea Concello de Beariz Concello de Boborás Concello de O Carballiño Concello de Maside Concello de San Amaro Concello de Punxín	<b>COMARCA DE A GUDIÑA</b> Concello de Ríos Concello de A Gudiña Concello de A Mezquita
<b>COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO</b> Concello de Culleredo Concello de Cambre Concello de Carral Concello de Cerceda	<b>COMARCA DE CALDAS DE REIS</b> Concello de Caldas de Reis Concello de Portas Concello de Moraña	<b>COMARCA DE RIBADEO</b> Concello de Barreiros Concello de Ribadeo Concello de Trabada	<b>COMARCA DE RIBADAVIA</b> Concello de Avión Concello de Leiro Concello de Cenlle Concello de Carballeda de Avia Concello de Beade Concello de Melón	
<b>COMARCA DE OLEIROS</b> Concello de Oleiros Concello de Sada	<b>COMARCA DE VILANOVA DE AROUSA</b> Concello de Vilanova de Arousa	<b>COMARCA DE VILALBA</b> Concello de Muras Concello de Xermade Concello de Vilalba Concello de Abadín Concello de Cospesito		
<b>COMARCA DE BETANZOS</b> Concello de Bergondo Concello de Betanzos Concello de Paderne Concello de Irixoa Concello de Abegondo Concello de Oza dos Rios Concello de Coirós Concello de Aranga Concello de Cesuras	<b>COMARCA DE CAMBADOS</b> Concello de Cambados Concello de Ribadumia Concello de Meis	<b>COMARCA DE MEIRA</b> Concello de A Pastoriza Concello de Riotorto Concello de A Pontenova Vilaodriz Concello de Meira Concello de Ribeira de Piquín Concello de Pol Concello de Castro de Rei (metade Norte)		
<b>COMARCA DE SANTA COMBA</b> Concello de Zas Concello de Santa Comba Concello de Mazaricos	<b>COMARCA DE SANXENXO</b> Concello de Sanxenxo Concello de Meaño			
<b>COMARCA DE NEGREIRA</b> Concello de A Baña Concello de Negreira	<b>COMARCA DE PONTEVEDRA</b> Concello de Barro Concello de Campo-Lameiro Concello de Poio			

Subscripción e envío gratuito. Solicitudes: Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.  
San Caetano, Bloque 2-2.º. 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública